

XXV^e CILPR
Congrès International
de Linguistique
et de Philologie Romanes

3–8 septembre 2007
Innsbruck

De Gruyter

R. 2376911

Actes du
XXV^e Congrès International
de Linguistique
et de Philologie Romanes

Innsbruck 2007

Éditeurs:
Maria ILIESCU, Heidi SILLER-RUNGGALDIER, Paul DANLER

TOME II

- Section 4: Phonétique et phonologie
- Section 5a/5b: Morphologie et syntaxe
- Section 6: Lexicologie et formation des mots;
lexicographie avec prise en compte
des médias électroniques

De Gruyter



Xosé Afonso Álvarez Pérez

Notas dun modelo para o estudo dun campo léxico galego: o espiñazo da vaca¹

1. Presentación do proxecto

Esta comunicación pretende presentar un proxecto de investigación, en marcha desde o ano 2004, que ten como obxecto o estudo do campo léxico da vaca, baseándose en datos dialectais do dominio galego; dada a vastidade do dominio, actualmente estase traballando sobre unha vintena de subcampos referidos á anatomía do animal. As dúas finalidades principais que pretende cubrir esta iniciativa detállanse a continuación.

1.1 Estudo de designacións referentes a certas partes da anatomía e características físicas da vaca

É evidente a importancia que, dentro dun país eminentemente agrícola, como Galicia, acadou a vaca, un animal que provee os seus propietarios de leite, carne, coiro, etc. e que ascendeu á categoría de animal totémico da nosa cultura (Rodríguez Castelao 2004: 164-165), o que implicou a creación dun rico tecido etnográfico ó seu redor (Benavente / Ferro 1995) e que os campos léxicos relacionados coa vaca sexan dunha riqueza inmensa dentro do galego, moito máis, incluso, cós asociados a outros animais domésticos como o can ou o porco, tamén con vencello estreito co ser humano. Esta riqueza non se manifesta unicamente no número de subcampos para os que se recollen designacións na fala (só no cuestionario do ALGa aparecen 66 preguntas referidas exclusivamente á vaca), senón tamén na variedade das formas recollidas e na diversidade de procedementos formativos que atopamos, como se tratará de pór de manifesto nas páxinas seguintes.

¹ Este traballo beneficiouse da axuda AP2003-3577 do programa FPU do Ministerio de Educación y Ciencia de España, que se desenvolve no seo do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

1.2 Proposta metodolóxica para o estudo de campos léxicos e análise de material procedente de enquisas dialectais

O ALGa, como é habitual en atlas lingüísticos semellantes, prescinde nas súas páxinas de calquera anotación etimolóxica, e as referencias de tipo lexicográfico, morfolóxico ou motivacional son case inexistentes. Esta circunstancia comporta inconvenientes notables para a comparación cos resultados doutras áreas lingüísticas (un procedemento de análise que se está manifestando especialmente fructífero, con proxectos internacionais do talle do ALE ou ALiR e múltiples traballos monográficos en revistas), sobre todo cando o investigador que quere aproveitar estes datos non é experto en dominios lusófonos e se ve obrigado a camiñar sobre áreas movedizas para interpretalos, caendo moitas veces en erros que serían reparables doadamente cunha mínima explicación, por sucinta que fose.

A situación é máis incomprendible de termos en conta que para unha estruturación coherente da lenda (orde das formas, agrupacións, atribución de símbolos, etc.) é imprescindible un traballo preparatorio que atenda á etimoloxía e á historia da palabra; as novas tecnoloxías permiten un espazo virtualmente ilimitado máis alá do formato impreso, polo que nin sequera sería preciso modificar a actual estrutura do ALGa para poñer en papel todas estas anotacións.

Por tanto, unha intención deste proxecto é ofrecer un modelo metodolóxico (en sentido amplo, tamén como mostra de material utilizable) para a análise dos campos léxicos galegos, con interese especial na súa aplicación a datos procedentes de enquisas dialectais, que poderán ser tratados tamén desde a perspectiva xeolingüística. Como se sinalou anteriormente, é esencial ofrecer esta información para a comparación interlingüística, pero, na situación actual do galego, tamén sería de enorme utilidade para a validación dalgunhas etimoloxías² e o atesouramento de informacións lexicais serias que ofrezan bases sólidas para o traballo nun futuro dicionario histórico e/ou etimolóxico do galego.

2. Estrutura e material empregado

Actualmente, o noso proxecto abrangue 16 subcampos (un deles, referido á morfoloxía dos cornos, está dividido en diferentes apartados) que tratan a aparencia física da vaca. Cada un presenta unha estrutura bipartita, con dous apartados claramente diferenciados.

En primeiro lugar, preséntase unha relación das diferentes formas obtidas nas enquisas dialectais, clasificándoas motivacionalmente, segundo o procedemento de creación empregado para acuñar cada unha delas. Posteriormente, estes grupos de respostas represéntanse en diferentes mapas de Galicia, obtendo unha mostra cartográfica da distribución destas formas pola nosa xeografía, que vai acompañada dun sucinto comentario xeolingüístico.

² Cf. Álvarez Pérez (2007: 13-14) para un exemplo de explicación etimolóxica, baseándose en datos dialectais e refutando a hipótese do DCECH.

En segundo lugar, cada unha das respostas é estudada individualmente desde diferentes perspectivas: etimoloxía, análise morfolóxica, primeiras documentacións, tratamento nas obras lexicográficas ou presenza na literatura.

2.1 Material primario

Esta etiqueta abrangue os datos de enquisas dialectais das que se obtiveron as formas que serán representadas cartograficamente. Para este proxecto non se realizaron investigacións de campo, senón que se aproveitaron dous grupos de enquisas realizadas hai 30-40 anos; as razóns foron varias, especialmente o financiamento limitado no tempo e o progresivo abandono do medio rural galego, que comporta unha perda do rico léxico asociado á vaca.

O material básico son os cuestionarios de enquisa do ALGa, investigación realizada entre 1974 e 1977 en 165 puntos do territorio galego que está actualmente en proceso de edición.³ Como material complementario, traballouse con 216 enquisas realizadas por estudantes universitarios da materia *Lingüística Románica* da Universidade de Santiago de Compostela, no ano 1969; ó tratarse de investigacións levadas a cabo por persoas sen preparación específica, é máis doado que penetren erros de diferente tipo, inda que, en xeral, trátase dunha fonte interesante que permite atopar procedementos de formación relevantes, que non sempre aparecen reflectidos nos datos do ALGa.

2.2 Material secundario

Designo con este nome a todas as fontes empregadas para o comentario das respostas do material primario, desde as diferentes perspectivas reseñadas máis arriba. En Álvarez Pérez (2006) coméntanse polo miúdo as principais obras de referencia, polo que non me deterei niso, unicamente citarei tres recursos de importancia indubidable para o investigador de temática galega: García Gondar (1998), Santamarina (2003a) e Santamarina (2003b).

3. Designacións para o espiñazo da vaca

A continuación comentarei brevemente as respostas obtidas para este concepto, centrándome nos procedementos de formación que se constatan e sen dar case ningunha nota etimolóxica ou de historia da palabra, xa que non dispoñemos do espazo necesario para incluír todo o comentario que se fixo a estas formas. Na web www.geolinguistica.org/cilfr pódense consultar os mapas a maior resolución.

³ Pódese obter máis información sobre este atlas en González González (1994) e na bibliografía alí citada.

Prescindindo de variantes fonéticas, nos 381 puntos de enquisa da nosa rede recolleemos 63 lexías simples ou compostas diferentes, que podemos clasificar en 9 grandes grupos, que abranguen 20 apartados diferentes e que se poderían resumir en tres procedementos de formación principais: a) creacións baseadas na morfoloxía do espiñazo (sobre todo o carácter de estrutura alongada circular); b) designacións de partes anatómicas próximas (nalgúns casos por erro de enquisa); c) designacións de ferramentas e apeiros agrícolas similares na forma.

A seguir, en diferentes apartados, detallo cada unha das formas; lémbrese que as cursivas representan as voces recollidas na fala viva, mentres que os ángulos marcan os significados.


3.1 Designacións referentes á morfoloxía. Forma alongada

3.1.1 «espiña» (143 puntos)

- Formas non derivadas: *espiña* (*espina*, *espiña*) (4 puntos)
- Formas derivadas: con sufixo *-azo*: *espiñazo* (135 puntos); con sufixo *-ela*: *espiñela* (2 puntos)
- Forma con modificadores: *espiña dorsal* (1 punto)
- Formas problemáticas: *españiso do lombo* (1 punto)

Designacións referentes á morfoloxía, forma alongada

- Construción sobre *espiña*
- ▣ Construción sobre *fio*
- ▣ Construción sobre *columna* ou *raia*



3.1.2 «fio» (83 puntos)

- Sen modificador nin derivación: *fio* (2 puntos)
- Formas con modificadores que indican a localización
 - a) «do lombo»: *fio de lombo*, *fio do lombo* (80 puntos)
 - b) «do ril»: *fio do riñón* (1 punto)

3.1.3 «raia»; con modificador que indica localización: *raia do lombo* (1 punto)

3.1.4 «columna»; sen modificador nin derivación: *coluna* (1 punto)

3.2 Designacións referentes á morfoloxía. Forma curva (49 puntos)

3.2.1 «aro» (31 puntos)

- Formas derivadas: con sufixo *-elo*: *arelo* (8 puntos)
- Con modificadores:
 - a) «do lombo»: *aro do lombo* (15 puntos), *arelo do lombo* (7 puntos)
 - b) «da caixa torácica (?)»: *aro do tambo* (1 punto)

3.2.2 Formas previsiblemente relacionadas con «aro» (18 puntos)

- *Arambello*, *arombelo* (5 puntos)
- *Aranguela*, *aranguelo* (8 puntos)
- *Aranquelo* (5 puntos)

3.3 Designacións referentes á morfoloxía. Comparación das vértebras coas doas do rosario (8 puntos)

- Sen modificador: *rosario* (6 puntos)
- Con modificador que especifica o lugar: *rosario do lombo*, *rosario do lomo* (2 puntos)

3.4 Designacións referentes á morfoloxía que inciden no carácter óseo do espiñazo (3 puntos)

- Con modificadores:
 - a) *óso do aranguelo* (1 punto)
 - b) *óso do lombo* (2 puntos)

3.5 Designacións referentes á morfoloxía. Zona que sobresaia na parte superior das costas (67 puntos)

3.5.1 Formas do tipo *cerro*, *cerrizo*, *sarrizo*, posiblemente relacionados con *cerro cerro* (< lat. CIRRU) e con *serra* (< lat. SERRA) (58 puntos)

- Base *cerro* (27 puntos)
 - a) Forma non derivada, sen modificadores: *cerro* (2 puntos)
 - b) Forma derivada con suf. *-izo*: *cerrizo*, *sarrizo* (23 puntos)
 - c) Forma non derivada, con modificadores: *cerro do lombo* (2 puntos)
- Base *serro* (31 puntos)
 - a) Formas derivadas
 - a.1. Sufixos *-azo* e *-ín*: *sarracín* (1 punto)
 - a.2. Sufixo *-izo*: *sarrizo* (13 puntos)
 - a.3. Sufixo *-ón*: *serrón* (1 punto)
 - a.4. Outras terminacións: *sarriñouzo* (3 puntos), *sarritán* (1 punto)
 - b) Formas con modificadores
 - b.1. <do lombo>: *serro do lombo*, *serrón do lombo*, *serracil do lombo* (9 puntos)
 - b.2. *do carrello*: *serro do carrello* (1 punto)
 - c) Outras respostas
 - c.1. *rezo*, *rizo* (2 puntos)

3.5.2 Designación que significaba en orixe «liña na parte superior de algo», raíz *cern-* (8 puntos)

- Formas sufixadas: con suf. *-illa*: *cernilla* (1 punto); con suf. *-izo*: *cernizo*, *sarnizo* (6 puntos)
- Formas con modificador: *cerengo do carrello* (1 punto)

3.5.3 <brote>: *gromo* (1 punto)

3.6 Partes próximas ó espiñazo do animal ou que o comprenden

3.6.1 Designación habitual para o lombo do animal (73 puntos)

- Construcións sobre *lombo* <lomo>
 - a) Formas simples: *lombo*, *llombo* (67 puntos)
 - b) Formas derivadas: cun suf. *-elo*: *lombelo* (5 puntos); cun prefixo *so-*: *solombo* (1 punto)

3.6.2 <Costelas>: *costelas* (1 punto)

3.6.3 <Rifiones> (8 puntos)

- Forma castelá *riñón*
 - a) Sen modificadores: *riñón* (4 puntos)
 - b) Con modificadores: *riñon do lombo* (1 punto)
- Outras formas: *reaz*, *res* (2 puntos)


3.6.4 <Agulla>: *agulla* (1 punto)

3.7 Nomes de apeiros e ferramentas con semellanza morfolóxica (7 puntos)

- *Armón* (1 punto)
- *Arzón*
 - a) Sen modificadores (5 puntos)
 - b) Con modificador <do lombo>: *arzón do lombo* (1 punto)

Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias

Designacións referentes á morfoloxía: Forma curvada	Designacións referentes á morfoloxía: Parte que sobresaia
▲ Construción sobre aro	● Construcións sobre <i>cerro</i> , <i>serra</i>
▲ Construcións previsiblemente relacionadas con aro	○ Construcións sobre <i>cerro</i>
	● <i>Gromo</i>
Outras designacións morfolóxicas	Outras respostas
● Comparación coas doas do rosario	○ Apeltes e ferramentas: <i>armón</i> , <i>arzón</i>
□ Carácter óseo	● Partes do corpo próximas ó espiñazo
	● Outras respostas



3.8 Outras respostas

3.8.1 Designación habitual para el espinazo del cerdo: *soá* (4 puntos)

3.9 Formas problemáticas (12 puntos)

3.9.1 Posibles construcións sobre *carro*: *carrelo* (4 puntos); *carriñouzo* (1 punto); *carrizo* (5 puntos); *relo* (1 punto)3.9.2 *As crises* (1 punto)

4. Conclusión

Como se puido apreciar seguindo a relación de respostas, incluso as designacións para un concepto en aparencia tan anodino como «espiñazo da vaca» presentan un conxunto de gran riqueza en canto a número de formas e, sobre todo, de estratexias construtivas. Faise evidente, do mesmo modo, a necesidade dunha estruturación sólida das respostas, para poder contemplar en conxunto os diferentes procedementos e, o que nos leva ás liñas apuntadas na introdución, tamén unha explicación de cada apartado que aclare formas que nun principio poden parecer opacas, incluso ó lector máis ou menos versado en cuestións lingüísticas. Trátase de tirar todo o partido ó material xa enquisado, permitindo que se aproveite o mellor posible e facilitando a comparación con outras rexións.

Aínda que non puiden citar ningún exemplo, polas limitacións de espazo, a análise de varias formas evidencia o importante papel que xogan os dicionarios e os textos literarios como fontes que poden explicar e contextualizar diferentes respostas problemáticas, especialmente as voces que aparecen moi esporadicamente, pero que resultan ter unha vitalidade na lingua moito maior da que aparece reflectida na rede de puntos. Ter unha serie de campos ben traballados e organizados pode ser un impulso importante para as investigacións no campo léxico galego, incluso na faceta etimolóxica, para a que son sempre interesantes os datos dialectais.

Bibliografía citada

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2006): *Contribución al estudio del léxico relativo a la vaca: denominaciones para la cría*. In: Villayandre Llamazares, Milka (ed.): *Actas del XXXV Simposio de la Sociedad Española de Lingüística* (León, 12-15 de diciembre de 2005). León: Universidad de León, http://www3.unileon.es/dp/dfh/SEL/actas/Alvarez_Perez.pdf (2008 01 10).
- (2007): *Estudio del campo léxico de la vaca en gallego: el pescuezo*. In: *Dialectología et Geolingüística* 15, 3-22.
- Benavente Jareño, P. / Ferro Ruibal, X. (1995): *Refraneiro galego da vaca*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- García Gondar, Francisco (1998-): *Bibliografía informatizada da lingua galega (BILEGA)*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, <http://www.cirp.es/bdo/bil/> (2008 01 10).
- González González, Manuel (1994): *El Atlas Lingüístico Galego*. In: García Mouton, Pilar (ed.): *Geolingüística. Trabajos europeos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Rodríguez Castelao, Afonso Daniel (2004): *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Santamarina Fernández, Antón (ed.) (2003a): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <http://www.ti.usc.es/TILG/> (2008 01 10).
- (ed.) (2003b): *Diccionario de dicionarios (versión 3)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.